



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO
Tlf: (0034) 986 247 519,
Fax: (0034) 986 247 521
E-Mail info@fegaloita.org
www.fegaloita.org



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Estimados amigos:

Co fin de actualizar os estatutos da Federación Galega de Loita e D.A. remitímosvos este documento, para que coñezades as modificacións dos artigos estatutarios da FGLeda, co fin de aprobar se procede os mesmos na asemblea extraordinaria do 19 de Decembro de 2011.

As modificacións para adecuar os estatutos o RÉXIMEN ELECTORAL, disposto na Disposición Adicional Segunda da Orde do 8 de Setembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais das federacións deportivas galegas, obríganos a facer as seguintes modificacións:

Para entendelas, achegamos os artigos a modificar en cor NEGRA, e a modificación que temos que incluír en VERMELLO.

Varios artigos: onde pon Federación Galega de Loita, modifícalo por **FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e D.A.**

Artigo 3º.- A FEDERACIÓN ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar con carácter exclusivo dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas Administracións Públicas, as actividades propias da súa especialidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerese por estes Estatutos e os seus Regulamentos, polos da Federación Española da mesma especialidade, no que lle sexan aplicables, e polas disposicións que dicte a Xunta de Galicia e, supletoriamente, a Administración do Estado. A FEDERACIÓN é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controla-las competicións oficiais do deporte da loita **E DAS DISCIPLINAS ASOCIADAS.**

Artigo 4º.- A FEDERACIÓN, dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO
Tlf: (0034) 986 247 519,
Fax: (0034) 986 247 521
E-Mail info@fegaloita.org
www.fegaloita.org



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

e control das competicións oficiais de Loita Libre Olímpica, Loita Grecorromana, Loita Sambo, Loita Integral, Defensa Persoal Policial, **GRAPPLING, COMBAT GRAPPLING e LOITA TRADICIONAL GALEGA**, así como as variantes autónomas e tradicionais como recoñece a Federación Española de Loita, correspóndelle:

Artigo 17º.- A Asemblea Xeral está integrada polos seguintes estamentos e segundo as porcentaxes que se especifican:

- Clubs deportivos: ó 60- 75%.
- Deportistas: 15-25%. **MODIFICAR POR: 20-30%**
- Adestradores: Ata un máximo 10-15%. **MODIFICAR POR: 5-10%**
- Xuíces/árbitros: Ata un máximo 5-10%.
- **OUTROS COLECTIVOS SE OS HOUBER: ATA O 10%.**

Artigo 46º.- Os procesos electorais desenvolveranse conforme ó especificado no Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente, e regulará as seguintes cuestións:

- 1.- Número de membros da Asemblea Xeral; circunscrición electoral e número de representantes que por cada circunscrición electoral corresponda a cada un dos estamentos.
- 2.- Calendario electoral.
- 3.- Censo electoral.
- 4.- Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- 5.- Requisitos para presentación e proclamación de candidatos. O remate para a presentación de candidatos a Presidente e membros da Asemblea Xeral non poderá ser inferior a 10 días.
- 6.- Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións así como os recursos electorais.
- 7.- Regulación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirán esta clase de voto nas eleccións á Comisión Delegada e Presidente.
- 8.- Composición, competencia, funcionamento e localización das Mesas Electorais.
- 9.- **NÚMERO DE MEMBROS DA ASEMBLEA E DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DESTES.**



FEDERACIÓN GALEGA DE LOITA e DA
Rua Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6
36209 VIGO
Tlf: (0034) 986 247 519,
Fax: (0034) 986 247 521
E-Mail info@fegaloita.org
www.fegaloita.org



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

10.- SISTEMA DE ELECCIÓN DOS MEMBROS NON NATOS DA ASEMBLEA XERAL.

11.- Elección de Presidente.

12.- Elección da Comisión Delegada.

13.- SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN DOS MEMBROS DA ASEMBLEA QUE PERDERON A CONDICIÓN POLA QUE FORON ELIXIDOS.

14.- FORMA E CONDICIÓN DE REALIZACIÓNS DE ELECCIÓN PARCIAIS PARA CUBRIR AS POSIBLES VACANTES QUE SE PRODUZAN NA ASEMBLEA XERAL.

15.- MODELOS DE SOBRES E PAPELETAS.

O Regulamento Electoral deberá ser ratificado pola **SECRETARÍA** (Dirección) Xeral para o Deporte.

Artigo 48º.- A circunscrición electoral será da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo o seu domicilio a efectos federativos na súa sé de Vigo na Casa do Deporte rúa Fotógrafo Luís Ksado, Nº 17, Local 6. **36.209 de Vigo (Pontevedra).**

Artigo 53º.- Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 14.5 destes Estatutos.

Os requisitos esixidos para ser electores ou elixibles deberán terse cumpridos no día no que se publique a convocatoria de eleccións.

TER CUMPRIDOS OS REQUISITOS ESTABLECIDOS POLA LEXISLACIÓN VIXENTE NO MOMENTO DA CONVOCATORIA DE ELECCIÓN.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo.

Jose Luis Olazabal Ibars
Presidente da FGLLeDA